

Concello de Ponteareas

Expediente: 2206/2024

Procedemento: Licitación do servizo para a execución do programa “aula matinal e tardía” do Concello de Ponteareas.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Motivación da emisión deste documento: de conformidade cos artigos 1, 28.1 e 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), este Concello pode celebrar aqueles contratos que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A natureza e extensión das necesidades do contrato, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben determinarse antes de iniciar o procedemento encamiñado para a súa adxudicación, debendo publicarse no perfil de contratante. Ademais, de conformidade co artigo 28.2 da LCSP, favorecerase a axilización de trámites.

A presente memoria redáctase para dar cumprimento ao indicado nos artigos 28, 63.3.a) e 116 da LCSP e será obxecto de publicación no perfil de contratante municipal, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Por todo isto, emítase por Alcaldía na súa condición de órgano de contratación, a seguinte memoria xustificativa respecto da:

1. Necesidade e obxecto do contrato
2. Non división en lotes
3. Competencia
4. Insuficiencia de medios
5. Orzamento de licitación e valor estimado
6. Procedemento de adxudicación
7. Criterios de adxudicación
8. Criterios de solvencia
9. Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

Finalmente, de conformidade coa regra de axilización de trámites, dispónse neste documento o inicio do procedemento de contratación, a solicitude de certificado de existencia de crédito e de elaboración de pregos, así como a realización dos trámites que sexan necesarios para aprobar o expediente.

1. NECESIDADE E OBXECTO DO CONTRATO

Implantar unha aula matinal e tardía nos colexios por parte do Concello de Ponteareas é unha medida necesaria para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos cidadáns. Esta necesidade fundaméntase en varios aspectos:



Concello de Ponteareas

- **Conciliación laboral e familiar:** Moitos pais e nais traballadores teñen horarios laborais que non coinciden co horario escolar dos seus fillos. Unha aula matinal e tardía permítelles deixar aos seus fillos no colexio antes ou despois da súa xornada laboral, proporcionando un espazo seguro e supervisado onde os nenos poden permanecer ata que empecen as clases.
- **Facilita a organización familiar:** A implantación dunha aula matinal e tardía axuda ás familias para organizar a súa rutina diaria de maneira máis eficiente. Ao ter un lugar onde deixar aos seus fillos polas mañás, os pais teñen máis flexibilidade para cumprir coas súas responsabilidades laborais sen preocuparse pola atención e o coidado dos seus fillos.
- **Promoción da igualdade de oportunidades:** Unha aula matinal e tardía garante que todos os nenos teñan acceso a actividades educativas e recreativas, independentemente das circunstancias familiares. Isto axuda a reducir as desigualdades sociais ao proporcionar un espazo inclusivo onde todos os nenos poden participar e desenvolverse.
- **Fomento do rendemento académico:** Unha contorna educativa na aula matinal e tardía pode ofrecer actividades de apoio e reforzo escolar, o que contribúe ao éxito académico dos estudantes. Ademais, proporciona un inicio ou remate positivo para o día escolar ao permitir que os nenos se preparen adecuadamente para as clases.
- **Resposta ás necesidades da comunidade:** A implantación dunha aula matinal e tardía responde a unha demanda crecente de servizos de conciliación por parte das familias. Os concellos teñen a responsabilidade de atender as necesidades da súa comunidade e proporcionar servizos que melloren a calidade de vida dos cidadáns.

En resumo, a implantación dunha aula matinal e tardía por parte do Concello de Ponteareas nos colexios é fundamental para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, promover a igualdade de oportunidades, mellorar o rendemento académico dos estudantes e responder as necesidades da comunidade.

O **obxecto do contrato** consiste na realización das prestacións relacionadas co programa “aula matinal e tardía” definidas no Prego de Prescricións Técnicas (PPT), a desenvolver nos centros educativos de educación infantil e primaria do Concello de Ponteareas que se adscriban a este Programa e sempre que exista demanda por parte das familias con menores matriculados.

O programa “aula matinal e tardía” ofertarase para o seguintes centros educativos de infantil e primaria:

- CEIP Nosa Sra. Dos Remedios
- CEIP Fermín Bouza Brey
- CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera
- CEIP Feliciano Barrera de Guláns



Concello de Ponteareas

- CEIP Santiago de Oliveira
- CRA A Picaraña (Escola de Moreira, Portela, Parada, Areas, Ribadetea e Pías).

Os obxectivos específicos a acadar coa contratación do servizo para o desenvolvemento do programa da “aula matinal e tardía”, son os seguintes:

- Ocupar o tempo libre de espera dos menores ata a incorporación ou con posterioridade á actividade escolar mediante actividades lúdicas e educativas que non requiran esforzo físico e/ou mental, favorecendo o desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre, habilidades sociais e de convivencia que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade, e fomentando hábitos saudables de hixiene e alimentación.
- Promover a conciliación da vida laboral e familiar.
- Acoller nos centros escolares de Ponteareas de educación infantil e primaria aos menores que por diversos motivos teñen que acudir ao mesmo con anterioridade ou posterioridade ao horario habitual de entrada-saída, e sempre acompañados polos seus proxenitores ou familiares.
- Fomentar e adquirir o compañeirismo, solidariedade e as actitudes de igualdade, respecto e tolerancia.

No PPT figuran todos os detalles da prestación deste servizo, que en todo caso están relacionadas coa recepción, acollida, apoio dos menores usuarios do Programa; a realización de actividades lúdicas e educativas; así como na custodia e vixilancia das instalacións durante a execución do Programa.

CPV: 80410000-1 Servizos educativos diversos

2. NON DIVISIÓN EN LOTES

O artigo 99.3 da LCSP indica que sempre que a natureza ou obxecto do contrato o permitan, debe preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. Non obstante, **non se considera oportuna a súa licitación en lotes polos seguintes motivos:**

- O obxecto do contrato está concibido como se expresa no Prego de Prescricións Técnicas cun carácter integral das prestacións.
- A súa división suporía diminuír a calidade, eficacia e homoxeneidade do servizo a prestar debido á falta de coordinación da execución concreta das prestacións que comprende os servizos obxecto do contrato nos distintos centros educativos.
- A súa división en lotes implicaría unha dificultade da correcta



Concello de Ponteareas

execución do contrato desde o punto de vista técnico, dado que unha atención e dirección conxunta pode permitir atender con maior eficacia as flutuacións de demanda, ao admitirse menores usuarios ocasionais, e ante as variacións que poida haber de usuarios efectivos en días ou semanas, existe unha maior marxe de adaptación, axuste e manobra dos monitores que atenden se se trata dunha prestación de servizos conxunta e non separada por centros educativos

Polo tanto, dun punto de vista técnico, o contrato de servizos constitúe unha única unidade funcional e mellora a súa realización desde unha perspectiva integral. Pola contra, a realización independente destas actuacións dificultaría a coordinación dos monitores, a homoxeneidade na oferta alternativa de lecer e lúdica durante a atención e coidado dos menores, a supervisión da execución do contrato. En consecuencia, a división do contrato en lotes en base a diferentes prestacións do servizo carece de sentido e iría en detrimento de a calidade do servizo.

3. COMPETENCIA

A Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, establece no seu artigo 25.2,l) a competencia dos municipios na promoción da ocupación do tempo libre. Así mesmo, o artigo 80.2,n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, tamén contempla dita competencia dos concellos nas actividades de tempo libre e no artigo 80.2,o) a execución de programas propios destinados á infancia.

4. INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello de Ponteareas non dispón de persoal propio para realizar as prestacións que se definen no presente contrato, sen contar con perfís de profesionais vinculados á atención, dinamización e coidado de menores na relación de postos de traballo.

5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal		49.434,00 €
Gastos directos	Equipos informáticos	1.500,00 €
	Transporte	600,00 €
	Programas ofimáticos	500,00 €
		2.600,00 €



Concello de Ponteareas

Gastos xerais (4 %)	2.081,36 €
Beneficio industrial (6%)	3.122,04 €
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN ANUAL	57.237,40 €

Tendo unha previsión de 210 alumnos/as beneficiados deste servizo, o custe por alumno/a e curso escolar é de 272,56 euros (30,28 euros/mes). Tendo en conta isto, propónse establecer 35 euros mensuais por alumno/a como prezo máximo de licitación polo uso da aula matinal ou tardía, é de 40 euros mensuais por alumno/a como prezo máximo de licitación polo uso da aula matinal e tamén da aula tardía no caso de que sexa o mesmo alumno/a.

A empresa facturará aos pais e nais un importe fixo mensual por alumno/a de 15 euros polo servizo de aula matinal ou tardía, e de 20 euros mensuais se o mesmo alumnos/a fai uso da aula matinal e tamén da aula tardía.

O Concello de Ponteareas asumirá un importe máximo mensual de 20 euros por alumno/a que asista á aula matinal ou tardía.

O Concello tamén asumirá un importe máximo de 20 euros por alumno/a se fai uso da aula matinal e tamén da aula tardía.

Este importe máximo de 20 euros, variará en función do prezo de adxudicación do contrato. O importe definitivo que terá que asumir o Concello calcularase por alumno/a do seguinte xeito:

- Alumno/a que emprega a aula matinal OU aula tardía: prezo de adxudicación (-) 15 euros de achega dos pais-nais á empresa.
- Alumno/a que emprega a aula matinal E tamén a aula tardía: prezo de adxudicación (-) 20 euros de achega dos pais-nais á empresa.

	Aula matinal ou Aula tardía	Aula matinal + Aula Tardía (mesmo alumnos/a)
Prezo máximo de licitación	35 euros (A)	40 euros (A)
Achega variable do Concello á empresa adxudicataria	(A) - (B, 15 euros) = cun máximo de 20 euros	(A) - (B, 20 euros) = cun máximo de 20 euros
Achega fixa dos pais/nais á empresa adxudicataria	15 euros (B)	20 euros (B)

O importe definitivo que aportará o Concello por alumno/a será facturado pola empresa adxudicataria do servizo ao propio Concello de forma mensual.

Tendo en conta o anterior, o custe máximo por curso escolar para o Concello será de 37.800,00 euros (210 alumnos/as x 20 euros mensuais máximos durante 9 meses). Mensualmente 4.200,00 euros.



Concello de Ponteareas

Con motivo da modificación operada pola Lei 28/2014, do 27 de novembro (artigo primeiro, apartado sete) no artigo 20.1.9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto do Valor Engadido, este servizo está exento de IVE

O vixente artigo 20.1.9º da normativa sobre IVE considera exenta *“La educación de la infancia y de la juventud, la guarda y custodia de niños, incluida la atención a niños en los centros docentes en tiempo interlectivo durante el comedor escolar o en aulas en servicio de guardería fuera del horario escolar, la enseñanza escolar, universitaria y de postgraduados, la enseñanza de idiomas y la formación y reciclaje profesional, realizadas por Entidades de derecho público o entidades privadas autorizadas para el ejercicio de dichas actividades”*.

CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DO CUSTE DO SERVIZO:

A) Número de usuarios

Para estimar o custo do servizo a prestar en período escolar, tívose en conta o número medio de matrículas dos usuarios que están empregando o servizo de aula matinal e tardía nos centros educativos situados no Concello de Ponteareas durante o curso 2023/2024 (anexo 1 do PPT):

CENTRO EDUCATIVO	AULA MATINAL	AULA TARDÍA
CEIP Nosa Sra. Dos Remedios	53	-
CEIP Fermín Bouza Brey	31	-
CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera	67	-
CEIP Feliciano Barrera de Guláns	8	6
CEIP Santiago de Oliveira	0	-
CRA A Picaraña	17	-
Moreira	2	-
Portela	4	-
Parada	2	-
Areas	3	-
Ribadetea	4	-
Pías	2	-
TOTAL	176	6

De acordo con estes datos, a previsión de participantes é 210 alumnos para cada curso escolar, tendo en conta a inclusión dun novo centro en aula matinal (CEIP Santiago de Oliveira).



Concello de Ponteareas

B) Número de monitores/as necesarios para atender as necesidades do programa “aula matinal e tardía”, conforme os datos do número de matriculas estimada para cada curso escolar segundo se especifica no apartado A).

Ratio máximo de 1 monitor/a por cada 15 usuarios.

O número máximo estimado é de 1 coordinador/a e 19 monitores/as, tendo en conta a seguinte distribución:

CENTRO EDUCATIVO	N.º MONITORES
CEIP Nosa Sra. Dos Remedios	4
CEIP Fermín Bouza Brey	2
CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera	5
CEIP Feliciano Barrera de Guláns	1
CEIP Santiago de Oliveira	1
CRA A Picaraña	6
Moreira	1
Portela	1
Parada	1
Areas	1
Ribadetea	1
Pías	1
TOTAL	19

C) Número de horas de xestión do servizo que executarán os/as monitores/as. A estimación de horas por centro educativos é a seguinte:

CENTRO EDUCATIVO	AULA MATINAL			AULA TARDÍA		
	inicio	final	horas totais	inicio	final	horas totais
CEIP Nosa Sra. Dos Remedios	7:30	9:00	1:30			
CEIP Fermín Bouza Brey	7:30	9:00	1:30			
CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera	7:00	9:00	2:00			
CEIP Feliciano Barrera de Guláns	7:30	9:00	1:30	13:45	15:00	1:15
CEIP Santiago de Oliveira	7:30	8:45	1:15			
CRA A Picaraña						
Moreira	7:30	9:00	1:30			



Concello de Ponteareas

Portela	7:30	9:00	1:30			
Parada	7:30	9:00	1:30			
Areas	7:30	9:00	1:30			
Ribadetea	7:30	9:00	1:30			
Pías	7:30	9:00	1:30			
TOTAL		Aula matinal	16:45		Aula tardía	1:15

Consideracións:

- A aula matinal non durará mais de dúas horas, rematando no momento que o centro inicie a súa actividade educativa. O seu inicio non será antes das 7:00 horas.
- A aula tardía non durará mais de dúas horas, rematando como máximo unha hora despois de que o centro remate a súa actividade educativa. O seu inicio será cando o centro remate a súa actividade educativa e non se prolongará mais alá das 16 horas.

D) Tarifa horaria do monitor/a determinado en función de contratos similares existentes no mercado, a evolución de prezos do sector e o “III Convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural”, publicado pola Resolución de 10 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Emprego (BOE nº69 do 22 de marzo de 2021).

Neste caso a categoría asimilable, tendo en conta que se trata de persoal de atención directa correspóndese coas categoría de Coordinador de actividades e Proxectos de Centro e de Monitor de Ocio e Tempo Libre (Grupo IV), que especificamente se indica que é de aplicación, entre outros, aos postos de monitor/a de aula matinal e aula tardía.

Aos efectos do cálculo, pártese das contías previstas para 2022 (última actualización dispoñible), tendo en conta ademais a incidencia directa do Real Decreto 145/2024, do 6 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2024.

Grupo IV. Persoal de atención directa	Salario bruto anual
Coordinador/a de actividades e proxectos de centro	16.555,97 €
Monitor/a de ocio educativo e tempo libre	15.876,00 € (SMI*)

* Respéctase o salario mínimo interprofesional para o/a Coordinador/a. Sen embargo para o Monitor/a o convenio colectivo vixente aplica un salario inferior ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI) fixado para este 2024, o cal ascende ata os 1.134 euros brutos mensuais en 14 pagas, e 15.876 euros brutos anuais («BOE» núm. 33, de 7 de febreiro de 2024).



Concello de Ponteareas

Para atribuír o seu cálculo en horas, o custe laboral por hora estímase a partir da relación entre o salario bruto anual entre as horas efectivas de traballo (1.742 segundo o artigo 48 Convenio Colectivo).

Unha vez obtida a cifra de custe salarial por hora inclúense os gastos por cotizacións sociais, obtendo así o custe total por hora de traballo:

Categoría	Salario base anual	Complemento de dedicación	Horas efectivas anuais	Gastos salariais por hora de traballo	Gastos Seguros Sociais por hora (32,60%)	TOTAL CUSTOS TRABALLADOR /A
Coordinador de actividades e proxecto de centro	16.555,97 €	-	1.742	9,50€	3,10€	12,60€
Monitor de ocio educativo tempo libre	14.876.00 € SMI*	-	1.742	9,11€	2,97€	12,08€

Custos por absentismo: O absentismo laboral refírese á ausencia da persoa traballadora no seu lugar de traballo durante o horario laboral, independentemente do motivo. Temos que diferenciar o absentismo xustificado do inxustificado. Para calcular o orzamento de licitación só teremos en conta o absentismo xustificado, na medida en que supón un custo para a empresa.

- Absentismo xustificado: ausencia do traballo cunha xustificación válida, como enfermidade, licenzas ou permisos por maternidade ou paternidade, permisos retribuídos, horas sindicais, entre outros.
- Absentismo inxustificado: ausencia do traballo sen unha razón xustificada, como faltar ao traballo sen notificar, chegar tarde ou abandonar o traballo antes de tempo.

A cuantificación dos custos de absentismo non é sinxela xa que depende de diversos factores que ocorrerán ou non.

Segundo o último informe trimestral de absentismo laboral elaborado por Randstad Research a taxa de absentismo laboral en España no terceiro trimestre de 2023 situouse nun 6,0%¹. O absentismo laboral por IT no sector servizos no 3T de 2023 foi do 4,7% en España e do 5,3% en Galicia.

Con estes datos, estímase axeitado cuantificar no 5,5% o absentismo, e aplicalo sobre os custos de retribucións e seguridade social de coordinador e monitor. É unha previsión razoable que en termos económicos daría cobertura a un maior índice de absentismo xustificado do 5,5%, porque por exemplo, os custos que asume a empresa non son totais se estamos ante situacións de IT (nos salarios no caso das continxencias comúns por accidente non laboral ou enfermidade común, a prestación

1 FONTE: <https://d2x1h7jfmz7hr5.cloudfront.net/wp-content/uploads/2024/01/RANDSTAD-RESEARCH-Informe-de-Absentismo-Laboral-2023T3-v2.pdf?x28308>



Concello de Ponteareas

de IT é asumida pola empresa do 4.º ao 15.º día da baixa médica).

Tendo en conta un 5,5% adicional por absentismo, o custe por **coordinador** ascende a **13,29 euros/hora** e o custe do **monitor** a **12,74 euros/hora**.

Tendo en conta o número de horas estimadas de prestación do servizo, prevese o seguinte custe diario:

- Coordinador/a: O custe desagregase en 4 horas diarias, que inclúe a xestión administrativa do servizo, o que supón 53,16 euros/día.
- Monitor/a: O custe dos monitores calcúlase en base ás horas de cobertura diaria do servizo que se estiman en 18h/día, o que supón 229,32 euros/día.

Así, o custe resultante estimado do servizo por cada día ascende a 282,48 euros.

D) Número de horas de prestación máxima do servizo, que se estima en 175 días lectivos por ano, tendo en conta a derradeira normativa emitida segundo a Orde do 23 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 80 de 23 de abril de 2024).

Tengo en conta o custe do servizo por día e o número de días lectivos, o importe total dos custes laborais do contrato de servizos ascendería a 49.434,00 euros por cada anualidade que se corresponde co período lectivo escolar.

E) Outros custes directos por importe de 1.500 euros para material informático necesario para a xestión de accións descritas no PPT, 600 euros por licenzas de programas ofimáticos vinculados a esa xestión, e 500 euros para gastos de transporte directos, o que suma en total 2.600 euros.

F) Gastos xerais, que inclúen todos os gastos da empresa adxudicataria que non sexan asinables directamente a unha unidade do servizo en concreto, e abranguen todos os departamentos da empresa. En virtude da facultade que ostenta o órgano de contratación, neste contrato de servizos estímase un 4% dos gastos correntes previstos. Así mesmo, tamén se estima un 6% sobre os gastos o beneficio estimado para a empresa adxudicataria.

Gastos xerais (4 %)	2.081,36 €
Beneficio industrial (6%)	3.122,04 €
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN ANUAL ESTIMADO	57.237,40 €

G) Gastos de investimento: Non se consideran xa que non se prevén gastos en materiais que sexan susceptibles de amortización. No caso do transporte de persoal, que podería implicar a adquisición de transporte da empresa, estímase nunha partida diferenciada o gasto corrente derivado da compensación económica ao persoal da adxudicataria que puidera ser perceptor desa compensación.



Concello de Ponteareas

Duración do contrato: O contrato terá unha duración de 1 ano xunto a 2 prórrogas de un ano cada una. Duración máxima de 3 anos.

A duración inicial do contrato e o lugar de execución do contrato será de 1 ano. O contrato contempla a posibilidade de 2 prórrogas de 1 ano cada unha, ata unha duración máxima de 3 anos, de acordo co artigo 29.4 da LCSP). As prórrogas son obrigatorias para o contratista.

No caso de que non estea licitado o novo servizo á finalización máxima do contrato, tamén se poderá acoller á posibilidade dunha prórroga de nove meses mentres se tramita o novo procedemento de contratación, ao abeiro do artigo 29.4 in fine da LCSP, onde se establece que cando ao vencemento do contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas polo procedemento de adxudicación, e ao existir razóns de interese público para non interromper a prestación prorrogarase o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato sexa publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Valor estimado do contrato: Tendo en conta a duración inicial prevista do contrato (1 ano-curso escolar) e as posibles prórrogas que poidan acordarse (2 anos-cursos escolares), é dicir, en total 3 anos-cursos escolares, o valor estimado do contrato ascende a 171.712,20 euros.

6. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de servizos, entendido como aquel no que o obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou un subministro, a teor do artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.

O procedemento previsto é aberto (artigo 159 LCSP), admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.



7. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

Para a valoración das ofertas e a determinación da mellor oferta relación calidade-prezo, atenderase aos criterios de adjudicación automáticos seguintes:

7.1) OFERTA ECONÓMICA. ata 60 puntos.

A proporción económica correspondente ás ofertas presentadas avaliarase cun máximo de 60 puntos outorgando a máxima puntuación á empresa que presente mellor oferta respecto do prezo tipo de licitación, obténdose as demais puntuacións mediante a seguinte fórmula: **Puntos oferta X= (Oferta máis baixa /oferta a considerar) x 60**

Presumirase como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición (sumando prezo hora ofertado por coordinador/a e monitor/a) que se atope nos seguintes supostos:

- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

En tales supostos de presunción de oferta desproporcionada ou temeraria estarase ao disposto no artigo 149 da LCSP. A notificación electrónica que se practique ó licitador solicitaralle que xustifique no prazo de tres días hábiles a contar dende o día do envío da notificación, a oferta formulada.

7.2) PLAN LÚDICO PARA O ALUMNADO: Ata 25 puntos

Asignarase de 0 a 25 puntos polo compromiso de realización dun Plan de entretemento do alumnado, que inclúa actividades para os menores usuarios do Programa durante o período no que se desenvolva o servizo da aula matinal e



Concello de Ponteareas

aula tardía. Dito Plan deberá contemplar actividades lúdicas para realizar co alumnado no recinto dos centros escolares, e será de aplicación para todo o curso escolar, e indicará o número de días da semana no que se levará a termo. A efectos de valoración, valorarase a oferta dun mínimo de 1 día e un máximo de 5 días, sen que se outorgue ningún punto (0 puntos) no caso de non ofertalo para ningún día da semana. Así, o baremo será o seguinte:

COMPROMISO DE EXECUCIÓN PLAN LÚDICO	PUNTUACIÓN
Sen compromiso	0 puntos
1 día por semana	5 puntos
2 día por semana	10 puntos
3 día por semana	15 puntos
4 día por semana	20 puntos
5 día por semana	25 puntos

7.3) BOLSA DE HORAS ADICIONAIS DE MONITOR/A: máximo de 15 puntos.

Valorarase o número de horas de monitor/a ofertadas adicionais (por riba do máximo previsto como obxecto do contrato) de forma anual polo licitador sen custe para o concello, entendido como número de horas de servizo anual efectivamente prestado que non será obxecto de facturación, podéndose aplicar no caso de aumento de horas de servizo.

O máximo de horas a valorar será de 75 horas anuais (3% adicional). A valoración efectuarase de acordo coas seguintes fórmulas:

$$P = (15 \times O)/MO$$

Onde “P” é a puntuación que corresponde a cada licitador, “O” é o prezo da oferta a considerar expresada en horas ofertadas adicionais e “MO” é o prezo da mellor oferta expresada en horas ofertadas adicionais (entendida como a máis alta).

Criterios de desempate: Cando tras efectuar a ponderación de todos os criterios de valoración establecidos se produza un empate na puntuación outorgada a dúas ou máis ofertas, utilizaranse os seguintes criterios para resolver dita igualdade:

- 1) Maior puntuación no plan lúdico para o alumnado.
- 2) Maior bolsa de horas adicionais de monitor/a
- 3) Mellor oferta económica
- 4) No caso de manterse o empate, realizarase un sorteo.



8. CRITERIOS DE SOLVENCIA

Solvencia a económica e financeira: Admítase a acreditación a través dos medios dispostos no artigo 87.1,a) da LCSP, especificamente:

- Declaración sobre o volume global de negocios e referido ao mellor dos tres últimos exercicios dispoñibles, que deberá ser, polo menos, unha vez o valor anual medio do contrato (57.237,40 €).
- Existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 300.000 euros. A subscrición desta póliza xustificarase ao Concello, mediante entrega dunha copia da póliza e do recibo acreditativo do pago da prima correspondente.

Solvencia técnica: As persoas e empresas licitadoras deberán achegar (artigo 90.1,e) LCSP):

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo o tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos, que se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa una entidade do sector público, ou certificado expedido polo suxeito privado xunto aos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación. O requisito mínimo necesario para considerar adecuada a solvencia técnica da empresa que acredite no ano de maior execución un importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato (40.066,18 euros).

Neste apartado da solvencia, non se prevé unha determinada clasificación por ser un contrato de servizos conforme ao artigo 77.1,b) da LCSP que exime de clasificación este tipo de modalidade contractual.

INICIO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN

Considerando canto antecede, DISPONSE por alcaldía na súa condición de órgano de contratación:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente de contratación do servizo.

SEGUNDO. Solicitar certificado de existencia de crédito á Intervención Municipal.

TERCEIRO. Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares



Concello de Ponteareas

e de prescricións técnicas.

CUARTO. Que se continúe coa tramitación necesaria para aprobar o expediente de contratación.

María Nava Castro Domínguez
Alcaldesa de Ponteareas
(documento asinado dixitalmente)

